

## INSCRICIÓN

Inscripción previa e gratuíta a través da páxina web da **Consellería do Medio Rural**

Cubrir a folla de inscrición correspondente á xornada e enviar a: [infolourizan.mr@xunta.gal](mailto:infolourizan.mr@xunta.gal)

**Aforo limitado.**  
**Reserva de prazas por orde de inscrición.**

## LUGAR DE CELEBRACIÓN

**SALÓN DE ACTOS.**  
**CENTRO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL DE LOURIZÁN.**

Estrada Pontevedra Marín, km 3,5, Igrexa 19.  
Lourizán - PONTEVEDRA  
HORARIO: laborais de 8:00 h a 15:00 h  
Tlf.: 986 805 000



Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2017.  
**Cofinanciadas co 75% FEADER.**



25-26 OUTUBRO 2017

XORNADA TÉCNICAS

PLANIFICACIÓN DE  
TAREFAS DE REHABILITACIÓN  
URXENTE DAS ÁREAS  
FORESTAIS QUEIMADAS

## INTRODUCCIÓN

A aplicación de **medidas de mitigación de erosión en zonas afectadas por incendios forestais é unha actividade esencial** para evitar a perda e degradación dos solos forestais, regular a escorrenta superficial e os caudais das correntes fluviais limitando así o transporte e acumulación de lodos e restos vexetais en lugares sensibles como zonas de captación de augas, encoros e bancos marisqueiros, entre outro, é por iso que a Consellería do Medio Rural efectuou nos últimos anos tarefas de redución dos riscos mencionados como complemento necesario das tarefas de extinción de cara a estabilización dos solos, a rehabilitación das áreas forestais queimadas e, polo tanto, á súa valorización e o mantemento da súa produtividade futura.

O **Centro de Investigación Forestal de Lourizán (CIFL)** ten unha ampla experiencia non só en investigación sobre esta temática, senón tamén na planificación das tarefas de redución dos riscos mencionados. Nos últimos anos o CIFL realizou labores de asesoramento, levando a cabo accións de avaliación da severidade do incendio nas zonas afectadas, establecendo os criterios de selección de áreas prioritarias que cómpre tratar, así como o deseño dos tratamentos de mitigación dos efectos negativos do lume máis axeitados.

Durante as xornadas transferirase a experiencia obtida a través da investigación e da aplicación do protocolo para a planificación de actuacións de rehabilitación urxente post-incendio a casos concretos de incendios forestais producidos nos últimos anos. Isto pode axudar os técnicos forestais tanto da Administración como particulares a tomar mellores decisións sobre as actuacións post-incendio, incluíndo o aproveitamento da madeira queimada. Polo tanto, **as xornadas suporán un asesoramento técnico sobre esta temática e a incorporación de novas tecnoloxías á actividade profesional neste campo.**

### Mércores, 25 de Outubro

» 9:00-9:15 h

**Presentación.** Enrique Martínez Chamorro.  
Director del Centro de Investigación Forestal de Lourizán

» 9:15-10:00 h

**Erosión post-incendio en Galicia: factores influíntes.  
Protocolo de actuacións urxentes post-incendio.**  
José A. Vega. Sociedade Española de Ciencias Forestais.

» 10:00-11:00 h

**Patróns espaciais de severidade  
do lume en masas arboradas de Galicia.**  
José M<sup>a</sup> Fernández-Alonso. Universidade de Vigo.

**25 > 26** PLANIFICACIÓN DE TAREFAS DE  
**OUTUBRO** REHABILITACIÓN URXENTE DE  
**-2017-** ÁREAS FORESTAIS QUEIMADAS

» 11:00-11:30 h » Descanso

» 11:30-12:30 h

**Severidade do lume: alteracións no solo.**  
Teresa Fontúrbel. Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

» 12:30-13:15 h

**Tratamentos de mitigación da erosión.**  
Cristina Fernández. Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

» 13:15-14:15 h

**Aplicación do protocolo de acción urxentes  
tras os incendios do verán de 2013.**  
José A. Vega. Sociedade Española de Ciencias Forestais.

» 16:00-17:00 h

**Planificación de proxectos de emerxencia tras incendio.**  
Yolanda Cuevas. Junta de Castilla-León.

» 17:00-18:00 h

**Xestión da madeira queimada.**  
Cristina Fernández. Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

### Xoves, 26 de Outubro

Visita

**Tratamentos efectuados pola Consellería do Medio Rural  
tras o incendio de Arbo.**

Agustín Blond. Consellería do Medio Rural.  
Cristina Fernández, Teresa Fontúrbel. Centro de Investigación Forestal de Lourizán.  
José A. Vega. Sociedade Española de Ciencias Forestais.